

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6433 *Real decreto 417/2014, do 6 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

O Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, desenvolve os puntos 5 e 6 da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no referente ao activo e ao pasivo do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, en diante «o Fondo».

A través desta modificación do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, axilízase o procedemento para levar a cabo a selección de entidades financeiras que dirixan a colocación dos instrumentos financeiros que emita o Fondo. No contexto do mercado actual, en que os emisores compiten para captar fondos nos mercados de capitais, cómpre dotar de flexibilidade o Fondo, na súa calidade de emisor, de forma que poida aproveitar as oportunidades de emisión que xurdan de xeito eficiente. Mediante a presente modificación redúcese o tempo necesario para seleccionar as entidades colocadoras e transfírese a competencia de apertura do proceso e fixación de criterios de selección desde a Comisión Interministerial, encargada de velar polo correcto cumprimento das condicións en que se deben executar as tarefas da sociedade xestora, á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, que realizará unha preselección de entidades sobre a base dos criterios técnicos e económicos que figuran no real decreto. Non obstante, a Comisión Interministerial seguirá sendo o órgano competente para a resolución do proceso de selección, e a ela correspóndelle a selección final de entidades colocadoras sobre a base da preselección realizada pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Así mesmo, actualízanse as mencións a órganos superiores ou directivos dos distintos departamentos ministeriais para reflectir a actual estrutura orgánica básica dos ditos departamentos, así como as mencións á actual Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Finalmente, considérase a posibilidade de que o secretario da Comisión Interministerial poida ser substituído, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, por outro integrante da Avogacía do Estado destinado no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Este real decreto foi sometido ao Consello Consultivo da Electricidade e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia emitiu informe con data do 6 de novembro de 2013.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

O Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, queda modificado como segue:

Un. A mención que se fai nos artigos 2.1, 3.1, 6.1, 6.3, 6.5, 6.7, 7.3, 9.1, 10.1, 10.2, 14, 15, 20 e no anexo I á «Comisión Nacional de Enerxía» queda substituída pola mención á «Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia».

Dous. O número 6 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«6. Para os dereitos de cobramento 2010, 2011 e 2012, o desembolso do prezo realizarase nunha conta específica de titularidade da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en réxime de depósito no Banco de España ou no Instituto Oficial de Crédito ou nunha entidade autorizada para realizar en España as actividades propias das entidades de crédito. Esta conta será utilizada, en primeiro lugar, para a devolución do principal das cantidades efectivamente financiadas polos titulares dos dereitos de cobramento e, posteriormente, para cubrir os desfases que se produzan no sistema de liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico. Calquera rendemento obtido da dita conta será considerado ingreso liquidable do sistema de liquidacións eléctrico».

Tres. O número 1 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«1. No primeiro dos casos mencionados no artigo 11.2, as entidades seleccionaranse de forma individual mediante un procedemento competitivo baseado nos seguintes criterios:

a) Criterios de carácter técnico, que terán en consideración a súa capacidade para distribuír instrumentos financeiros similares tanto en mercados nacionais como estranxeiros, a súa experiencia neste tipo de operacións e a súa capacidade de asesoramento, así como a súa pertenza e actuación dentro do grupo de creadores de mercado de bonos e obrigas.

b) Criterios de carácter económico en relación coa contía das comisións que cobrarán as ditas entidades polos seus servizos prestados.

A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira realizará unha preselección de entidades sobre a base destes criterios de carácter técnico e económico descritos nas alíneas a) e b).

Nas sucesivas emisións do Fondo de Titulización revisaranse as entidades seleccionadas conforme os criterios establecidos no número 1 e terase en conta a actuación das ditas entidades en emisións anteriores do mencionado fondo, xa sexan emisións a prezo convidado ou estimado cun grupo de entidades financeiras que dirixan a colocación ou emisións realizadas a través de operacións de venda simple.

Estes criterios concretaranse a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e publicaranse, coa debida antelación, na páxina web da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico. Así mesmo, tamén se poderán ter en conta compromisos adicionais que as entidades financeiras estean dispostas a asumir co Fondo de Titulización, incluído o compromiso de adquisición parcial da emisión en condicións de mercado ou de adquisición da contía non colocada.

A sociedade xestora será a encargada de recibir as ofertas das entidades interesadas e de remitilas á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

A selección final de entidades colocadoras corresponderá á Comisión Interministerial sobre a base da preselección realizada pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira».

Catro. O número 2 do artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«2. A dita comisión interministerial é un órgano colexiado dos previstos no artigo 40.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e adscríbese ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a través da Secretaría de Estado de Enerxía».

Cinco. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Composición.*

1. A Comisión Interministerial está composta por dous representantes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e dous representantes do Ministerio de Economía e Competitividade.

2. Os representantes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo serán o secretario de Estado de Enerxía, o cal exercerá a presidencia da Comisión Interministerial, e o director xeral de Política Enerxética e Minas. Os representantes do Ministerio de Economía e Competitividade serán o secretario de Estado de Economía e Apoio á Empresa, que actuará como vicepresidente, e o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira.

3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, o avogado do Estado xefe da Área de Industria e Enerxía da Avogacía do Estado do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo».

Seis. O último parágrafo do artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«A Comisión Interministerial poderá delegar parte destas funcións no Comité de Seguimento, que se creará mediante orde ministerial por proposta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade».

Sete. O número 2 do artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da Comisión Interministerial poderán ser substituídos por un representante do mesmo ministerio, previamente designado polo membro que se vaia substituír. Para estes efectos, un secretario de Estado poderá ser substituído por un secretario xeral ou director xeral e un secretario xeral ou director xeral por un subdirector xeral. O avogado do Estado que actúa como secretario da Comisión Interministerial poderá ser substituído por outro integrante do mesmo corpo destinado no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade de ambos os dous secretarios de Estado, actuará como presidente da Comisión Interministerial o director xeral de Política Enerxética e Minas».

Oito. A disposición derradeira segunda queda redactada como segue:

Facúltanse o ministro de Economía e Competitividade e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, no ámbito das súas respectivas competencias, para o desenvolvemento e a execución do previsto neste real decreto».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN